

ANTÍA CAL, educando iguais

GUÍA DIDÁCTICA

Esta secuencia didáctica está pensada para alumnado dos últimos cursos da Educación Secundaria Obrigatoria, se ben pode empregarse así mesmo en Bacharelato.

Entre os obxectivos xerais que persegue destacan o de valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de oportunidades entre eles e rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres e o de coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural. En canto ás competencias básicas que pretende desenvolver, destacan a da comunicación lingüística, a do tratamento da información e competencia dixital e a competencia social e cidadá e pódese levar á práctica en dúas sesións duns 50 minutos cada unha. Se ben pola súa temática pode adecuarse máis á área de ciencias sociais, a súa transversalidade fai que sexa posible abordala en calquera materia. Especificamente, con ela preténdese reflexionar sobre a figura de Antía Cal, o papel que desempeñou cara á consecución dunha sociedade máis igualitaria e xusta, o seu compromiso activo político, social e cultural e o cambio cualitativo que supuxeron as súas prácticas pedagóxicas no contexto da ditadura franquista.

A continuación, pretendemos dar resposta ás cuestións formuladas na propia secuencia didáctica, co obxectivo de que as actividades poidan ser enriquecidas con novas ideas e que a información sobre Antía Cal poida ser ampliada, así como proporcionar algunha suxestión para a súa posta en práctica.

- Antes de comezar, podemos adiantar ao alumnado que na sesión presente imos afondar na figura de Antía Cal e preguntar se a coñecen. Na pizarra pódese ir facendo unha chuvia de ideas coa información que vaia saíndo. No caso de non poderen achegar ningún dato aínda sobre ela, podemos pedirles que fagan hipóteses sobre ela, a que lles parece que se puido dedicar, cantos anos ten, de onde é...

- A solución ás respostas de verdadeiro ou falso é:

1. Falso: naceu e viviu na Habana até os nove anos e despois viviu en Muras, na Coruña, en Santiago de Compostela e en Vigo.

2. Verdadeiro: algúns libros inéditos seus son *O libro dos nenos*. *Enciclopedia pro neno galego* ou *O arte para os nenos*.

3. Falso: durante as súas viaxes sobre Europa ampliou os seus coñecementos sobre Didáctica e Pedagogía.

4. Falso: a súa escola caracterizouse por levar a cabo prácticas educativas innovadoras.

- A primeira gran dificultade á que tivo que facer fronte de ben pequeniña foi á separación familiar. Desde o seu nacemento, viviu separada do seu irmán maior, que ficara en Muras ao coidado dos seus avós maternos. Con nove anos, cando volveu da Habana, viviu décadas lonxe do seu pai, que quedou en Cuba para gañar cartos cos que manter a familia. Disto deriva outro aspecto que tivo que ter moi presente: o de axustarse á economía familiar mentres estudaba e dependía do financiamento paterno. Nun principio, tampouco puido escoller a carreira que ela

desexaría, pois seu pai, desde a Habana, instouna a cursar Peritaxe Mercantil. Tempo despois e animada por súa nai, estudou Maxisterio e Xeografía e Historia, mais non perdendo nunca de vista a situación económica da familia e incluso traballando ela e estudando ao mesmo tempo.

Na ditadura viviu tempos convulsos por mor do galeguismo. Antón era un coñecido militante e activista de Compostela e ela mesma chegou a ter que ir declarar unha vez á comisaría por ter asinado unha petición para que non encarcerasen a Carlos Núñez (pai do famoso gaitero). As forzas de represión franquistas tamén detiveron, torturaron e encarceraron o seu fillo Antón por ter participado activamente nunha asemblea estudantil na facultade de Económicas da Universidade de Santiago.

A apertura do colexio tamén foi dificultosa: había que recaudar fondos, tarefa nada fácil, facerse cun terreo, iniciar e resolver todos os trámites burocráticos, lidiar cos inspectores de educación franquistas...

Outro gran golpe para ela supúxoo o falecemento do seu marido a causa dun cancro de estómago, quedando ela soa ao cargo das fillas e dos fillos, que contaban con 17, 15, 13 e 9 anos.

En canto ao máis gratificante da súa vida, de pequena lembra como lle gustaba ir ao cine que rexentaba un veciño galego na Habana e xogar coas súas amigas no parque. Tamén declara que sempre lle gustou estudar e que se lle daba ben. Segundo ela mesmo escribe na súa autobiografía¹, un fito moi importante na súa vida foi ter coñecido o Antón Beiras e casar con el. Lémbrao con gran afecto: “Eu seguín o seu camiño, os pasos que el me alumeou, con paciencia, con cariño, e espero atopalo algún día, agardando por min. É a esperanza que teño” (Cal, 2007, p. 199).

Por suposto, a apertura do colexio Rosalía de Castro e todos os anos que a el lle dedicou supuxeron unha gran satisfacción persoal:

A min o que me gustaba era estar cos nenos, estudar as dúbidas nos libros, preparar as clases. O que me amolaban eran os atrancos administrativos e os enredos que me procuraban os adultos (Cal, 2007, p. 144).

Polo seu labor de mestra e mediante unha carta de convite a unha escola de verán encamiñada á editorial Galaxia, Antía entrou en contacto coa asociación catalá de mestres Rosa Sensat, coñecida por avogar por unha pedagogía alternativa e innovadora. Grazas ao seu espírito transformador e a estes encontros, Antía loitou por unha escola mellor, cunha vontade incesante de formación permanente: “Entrar en relación con outras persoas, con outros mundos, outras experiencias, era moi importante para min” (Cal, 2007, p. 145).

Por último, a súa familia e as súas amigas sempre foron fonte de satisfacción para ela: as e os parentes de Muras aos que tanto cariño lles profesa, fillas e fillos, o seu Antón e tantas amigas que fixo polo camiño: Amalia Álvarez Bóveda, Julio Nogueras, o padre Seixas, Ramón María Aller, Lina, Xesús Alonso Montero, Mercedes Núñez Targa, Concha Concheiro, Paco

¹ Cal, A. (2007). *Este camiño que fixemos xuntos*. Vigo: Editorial Galaxia.

Comesaña, Isaac Díaz Pardo, Mimina, Valentín Paz-Andrade, María Pilar, Xosé Neira Vilas, Anisia Miranda, Celso Emilio Ferreiro, Moraima...

- Con esta pregunta preténdese que se reflexione sobre os condicionamentos sociais que levan a diferentes escollas vitais entre homes e mulleres, neste caso no ámbito académico (condicionamento importante, así mesmo, para o futuro laboral). Son moitos os estudos que revelan como, aínda hoxe en día e a pesar da variedade de carreiras que se ofertan, as rapazas e os rapaces seguen escollendo estudos tradicionalmente máis asociados ao seu xénero (Mosteiro, 2007)². Pódese afondar aquí nas causas de por que isto acontece; un factor importante que deberíamos sinalar é a socialización de nenas e nenos segundo o seu xénero, a maneira en que se educan unhas e outros, xa desde a infancia (as nenas cara a unha faceta máis asistencial, de coidado e atención cara as outras persoas, reflectido primordialmente no xogo con bonecas e os nenos cara á acción, investigación, resolución de problemas... Isto vese nos xogos de habilidades lóxico-matemáticas, nos bonecos de acción, LEGOs, xogos de construción, etc.).

- Antía Cal logrou dedicarse á súa verdadeira vocación con moito esforzo. Non obstante, hoxe en día aínda moitas mulleres non dan alcanzado o máximo recoñecemento laboral na súa profesión. Este fenómeno é coñecido como *teito de cristal*. En palabras de Burín (s.f.)³, pódese definir como

(...) Unha superficie superior invisible na carreira laboral das mulleres, difícil de traspasar, que nos impide seguir avanzando. O seu carácter de invisibilidade vén dado polo feito de que non existen leis nin dispositivos sociais establecidos nin códigos visibles que imponían ás mulleres semellante limitación, senón que está construído sobre a base doutros trazos que pola súa invisibilidade son difíciles de detectar.

Recomendamos unha procura en máis documentos para indagar a fondo nas causas que levan a que, por exemplo, só desempeñen do 1 ao 3% dos máis altos postos executivos nas empresas, só ben poucos países teñan como xefa de Estado unha muller ou que a brecha salarial faga que as mulleres perciban dun 10 a un 30% menos de salario de media que os varóns (datos de STEs Castilla y León).

- En grupos, buscarán información sobre algunha muller destacada na Historia e expoñerán brevemente ante o resto da clase os seus resultados. Tal e como se facía no colexio Rosalía de Castro, procurarase unha fotografía da persoa en cuestión e engadirase unha biografía ao carón. Posteriormente pódese facer unha votación para escoller aquela muller que máis chamou a atención entre o alumnado e incluso poñerlle ese nome á nosa aula, pegando o

² Mosteiro García, M.J. (1997). El género como factor condicionante de la elección de carrera: hacia una orientación para la igualdad de oportunidades entre los sexos. En: *Revista galego-portuguesa de psicoloxía e educación*, 1, 305-315. Recuperado de: http://ruc.udc.es/bitstream/2183/6622/1/RGP_1-28.pdf

³ Burín (s.f.) en STEs Castilla y León. *El techo de cristal*. Recuperado de: http://www.stecyl.es/Mujer/el_techo_de_cristal.htm

cartaz na porta. Co resto de biografías pódese elaborar un mural e penduralo na parede dalgún corredor do centro.

Un completísimo e moi recomendable banco de recursos con exemplos de mulleres galegas que sobresaíron ao longo do tempo polo seu labor senlleiro pódese encontrar no seguinte sitio web:

<http://culturagalega.gal/album/>

- escoitaranse atentamente as achegas que fai o alumnado neste punto. Podemos completar esa información cos seguintes datos, extraídos da súa autobiografía (Cal, 2007):

- Foi unha das primeiras mulleres universitarias en Galiza, co engadido de ser premio fin de carreira.

- Facía os negocios e as xestións que fosen oportunas: levaba a contabilidade da clínica do seu marido, arranxou todo o que cumpría para abrir o seu colexio en Vigo (negociar coa inmobiliaria, dispoñer co contratista os planos e medidas, lidiar cos inspectores de Educación...), levaba a economía familiar... Conta que, cando estaba buscando terreo e facendo os preparativos para inaugurar a escola Rosalía de Castro, aconteceu este diálogo entre ela e mais o axente inmobiliario:

- Señora, levo moitos anos na profesión e é a primeira vez que negocio cunha muller.

- Pois se vostede quere vender, hoxe non pode facelo máis que comigo.

Isto pode dar pé a unha investigación por parte do noso alumnado sobre que máis cousas lles estaban vetadas ás mulleres na historia recente e, así, dar a coñecer tamén as loitas e as persoas grazas ás cales se foron conquistando dereitos (Clara Campoamor, por exemplo).

- Nunha época en que estaba prohibido, perseguido e sancionado, tivo a valentía de falar o galego en todos os ámbitos (excepto no estritamente académico: para impartir docencia, pois nese caso non lle sería posible seguir mantendo a escola aberta), incluso educou as súas fillas e os seus fillos na nosa lingua nun ambiente urbano, feito este nada común.

- Tivo moitas inxerencias sociais e culturais. Cando se formou o grupo Galaxia e se estaba xestando o proxecto da editorial, manifestou a súa vontade expresa de formar parte del:

Algunha vez ténolle pedido a Antón que me levase con el ás reunións de Galaxia, pois xa estabamos en Vigo, casados, pero el dicíame que non ían mulleres. “Será porque non queren ir”, retuquei, “pero eu quero”. Nunca me levou. Pero Galaxia era para el unha cousa moi importante. Lembro andar dun lado para outro, petando nas portas das amizades, vendendo as accións primeiras da editorial, a mil pesetas, pagadeiras a prazos, se for necesario. Acórdome das cartas que enviaba a América, algunhas a meus tíos, informándoos da aparición da editora, e de cómo algúns responderon positivamente, con ilusión, porque era o xeito de alimentar a esperanza e sabían que, malia as durísimas circunstancias, non estaban vencidos. Admiro e admirei moito ese esforzo.

Material elaborado por Alba García Pico

Colaboran:



**Observatorio
da Mariña
pola Igualdade**



**CONCELLO
DE MURAS**